

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español				
Materia	Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español			
Código	V01G230V01302			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Rifón Sánchez, Antonio			
Profesorado	Rifón Sánchez, Antonio			
Correo-e	arifon@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Ademais de constituír un reforzo dos aspectos de corrección lingüística, a materia posúe un eminente carácter práctico e busca iniciar ao discente no coñecemento das linguas de especialidade do español. Ademais, esta materia achegará ao alumnado a outras disciplinas como a semántica, a lexicografía e a análise crítica do discurso que serán de moita utilidade no desenvolvemento práctico das habilidades discursivas no ámbito oral e escrito. Finalmente, ao longo do cuadrimestre reforzaranse os coñecementos relativos á tipoloxía textual académica científica (con especial atención no artigo de investigación) que xa se estudaron tanxencialmente nas materias de lingua A cursadas no primeiro ano do grao.			

Competencias	
Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C10	Capacidade de traballo en equipo
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C27	Capacidade de razoamento crítico
C32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Desenvolver e reforzar as habilidades de comprensión e de expresión oral e escrita.	A4 A5	C3 C4 C5 C33	D1
Ampliar o repertorio léxico e textual da lingua española, sobre todo no relativo á terminoloxía e aos textos de especialidade.	A3	C3 C4 C5 C32 C33	D1 D7
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e culturais á análise crítica, creación e revisión de todo tipo de textos de especialidade.	A3 A4	C3 C10 C27 C32	D4 D7
Capacitar aos alumnos para analizar, sintetizar e extraer a información principal e secundaria dunha manifestación discursiva oral ou escrita.	A4 A5	C4 C5 C10 C18 C27 C32	D4 D7 D22
Capacitar aos discentes para que manexen con soltura as ferramentas bibliográficas de calidade que contribúan a un óptimo desenvolvemento das actividades profesionais da corrección, composición, tradución e interpretación de textos.	A4 A5	C3 C10 C18 C27	D4 D7 D22

Contidos

Tema	
Tema 1. Descrición lingüística dos textos de especialidade.	1.1. Aspectos ortotipográficos. 1.2. Aspectos morfolóxicos 1.3. Aspectos semánticos, léxicos e lexicográficos 1.4. Aspectos discursivos
Tema 2. Os textos de especialidade	2.1. O artigo científico 2.2. O informe técnico 2.3. A divulgación científica
Tema 3. A análise crítica do discurso especializado	3.1. Denotación e obxectividade nos textos de especialidade 3.2. A orientación ideolóxica nos textos especializados e non especializados 3.3. A modalización discursiva

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	18	17	35
Traballos tutelados	6	24	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	17	40	57
Presentacións/exposicións	7	21	28

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Actividade teórica. Consiste na exposición dos contidos da materia co obxectivo de comunicar coñecementos e fontes de información. As explicacións estarán ordenadas e ben estruturadas e contarán con exemplos ilustrativos que aseguren a adecuada comprensión.
Traballos tutelados	Actividade práctica. Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías concertadas cos discentes. Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos (por exemplo, realizar un cartafol comentado de textos de especialidade, analizar os recursos de modalización nun conxunto de artigos científicos divulgativos, etc.).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Formularanse na aula ou a través da plataforma TEMA unha serie de problemas e exercicios relacionados coa materia traballada. O obxectivo é reflexionar e relacionar teoría e práctica. Tamén constitúe unha actividade básica para consolidar coñecementos teóricos.
Presentacións/exposicións	Actividade práctica. O docente proporcionará unha serie de recursos para afrontar de forma correcta unha exposición oral. Unha vez terminado este paso, a actividade por parte do discente consistirá na exposición oral ante os compañeiros dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).
Resolución de problemas e/ou exercicios	No relativo ás presentacións, os traballos tutelados e á resolución de exercicios, o docente reservará un tempo de atención personalizada co fin de atender e resolver as dúbidas do alumnado. Este tempo distribuirase en relación coas necesidades puntuais dos discentes, que poderán asistir ás titorías habituais ou concertar outras específicas (individuais ou en grupos reducidos).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballos tutelados	Nestes traballos trátase de poñer a proba a competencia en lingua escrita do alumnado e a súa capacidade para xestionar grandes traballos e proxectos (por exemplo, realizar un cartafol comentado de textos de especialidade, analizar os recursos de modalización nun conxunto de artigos científicos divulgativos, etc.). Os traballos tutelados estarán dirixidos a través das titorías concertadas cos discentes. O obxectivo será avaliar os recursos para a redacción formal e a xestión do traballo.	40	A3 A4 A5
Resolución de problemas e/ou exercicios	Nestes exercicios propoñeranse ao discente a resolución de diversos problemas e exercicios de carácter práctico nos que o discente mostrará a evolución e grao da súa aprendizaxe e axudaranlle a comprender e interiorizar as competencias da materia.	40	A3 A4 A5
Presentacións/exposicións	Consistirá na exposición oral ante os compañeiros dun tema lingüístico concreto que se escollerá entre os temas da asignatura. O obxectivo será avaliar a competencia oral dos discentes nun contexto formal e comprobar a evolución con respecto ao curso anterior.	20	A3 A4 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao comezo do curso, os alumnos deberán indicarlle ao docente a forma de avaliación pola que optan, é dicir, avaliación continua (asistencia regular, traballos de aula, presentacións, proxectos, probas, etc.) ou avaliación única (exame oficial da materia o 16 de decembro en horas de clase). Esta elección realizarase por escrito e asinada.

Os alumnos que opten pola avaliación continua e que non superen a materia ao final do cuadrimestre poderán presentarse á convocatoria oficial de xullo e ás sucesivas convocatorias, nas que non se gardarán as cualificacións obtidas a través das probas, actividades e traballos realizados ao longo do curso.

Os alumnos que opten á avaliación única terán un único exame o último ou penúltimo día de clase (exame tipo test sobre todos os contidos teóricos da materia e da súa bibliografía) que valerá o 100% da nota e non se terán en conta posibles traballos que realizasen ao longo do curso.

A avaliación de xullo será un exame (probas de resposta longa ou de desenvolvemento). Da mesma maneira serán avaliados todos aqueles que non superasen a materia na convocatoria de xaneiro (sexa por avaliación continua, sexa por avaliación única).

Os estudantes Erasmus poderán realizar as probas coa axuda dun dicionario.

Tanto nas probas como no resto dos exercicios propostos ao longo do curso penalizaranse os erros ortográficos, os erros na expresión, as incoherencias sintácticas, etc. con 0,25 puntos por cada falta.

A copia ou plaxio suporá a non cualificación dos traballos, exames ou de calquera outra forma de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Arntz, R. e Picht, H., **Introducción a la terminología**, Madrid: Fundación Sánchez Ruipérez,

Cabré, María Teresa, **La Terminología. Teoría, metodología, aplicaciones**, Barcelona: Editorial Antártida,

Ciapuscio, G., **Reformulación textual: El caso de las noticias de divulgación científica**, Revista Argentina de Lingüística 9 / 1-2. pp. 69-117,
Gutiérrez Rodilla, Bertha, **El lenguaje de las ciencias**, Madrid: Gredos,
Martínez de Sousa, José, **Ortografía y ortotipografía del español actual**, Gijón: Trea,
Lerat, Pierre, **Las lenguas especializadas**, Ariel Lingüística,
Vivanco Cervero, Verónica, **El español de la ciencia y la tecnología**, Madrid: Arco/Libros,
BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA,
Ahumada Lara, Ignacio (coord.), **Diccionarios y lenguas de especialidad: V Seminario de Lexicografía Hispánica (Jaén 21 al 23 de noviembre de 2001)**, Jaén: Servicio de Publicaciones de la Universidadde Jaén,
Almela Pérez, Ramón, **Procedimientos de formación de palabras en español**, Barcelona: Ariel Practicum,
Calsamiglia Blancafort, Helena e Amparo Tusón Valls, **Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso**, Barcelona: Ariel,
Casado Velarde, Manuel, **Introducción a la gramática del texto español**, Madrid: Arco/Libros,
Cassany, Daniel, **La cocina de la escritura**, Barcelona: Anagrama,
Castellón Alcalá, Heraclia, **Los textos administrativos**, Madrid: Arco/Libros,
Gómez de Enterría Sánchez, Josefa, **El español lengua de especialidad: enseñanza y aprendizaje**, Madrid: Arco/Libros,
Henríquez Salido, Mª do Carmo y Enrique de No Alonso-Misol, **Pautas para el análisis del léxico de la jurisprudencia del Tribunal Supremo**, Navarra: Civitas,
Alcaraz Varó, Enrique; José Mateo Martínez y Francisco Yus Ramos (ed.), **Las lenguas profesionales y académicas**, Barcelona: Ariel,
BIBLIOGRAFÍA BÁSICA,
Kerbrat-Orecchioni, C., **La enunciación. De la subjetividad en el lenguaje**, Buenos Aires: Hachette,
Medina Guerra, Antonia Mª (coord.), **Lexicografía española**, Barcelona: Ariel Lingüística,
Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española, **Nueva gramática de la lengua española**, Madrid: Espasa,
van Dijk, T. A., **Ideología. Una aproximación multidisciplinaria**, Gedisa editorial, Barcelona,

Durante o curso farase indicación explícita das lecturas que os discentes deberán facer.

Para a avaliación única son de lectura obrigatoria as 8 primeiras referencias.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Español/V01G230V01102